

ACTA DO PLENO ORDINARIO DO 29 DE MAIO DE 2020

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 10.00 horas do día 29 de maio de 2020, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Pablo Pérez Pérez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

Deputados de Democracia Ourensana:

D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Novoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asisten os seguintes deputados e deputadas debido ás medidas adoptadas polo estado de alarma en relación co COVID19, e que enviaron debidamente o seu voto para os distintos puntos da orde do día:

Do Grupo Popular:

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Do Grupo Socialista:

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

De Democracia Ourenseana:

D. Armando Ojea Bouzo

Logo de que as persoas asistentes á sesión, gardasen un minuto de respectuoso silencio polas vítimas da pandemia do COVID-19, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no canal de vídeo mediateca streaming, no seguinte enlace:
<http://depourense.seneca.tv/library/items/pleno-mayo-2020-05-29>

1º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PROCEDIMENTOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO E LABORAL TEMPORAL AO SERVIZO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

O secretario da lectura ao contido do ditame.

1ª intervención CIUDADANOS (Montserrat Lama): Indica que non lle parece a proposta máis transparente e que como xa indicou na comisión informativa, a proposta máis acaída sería con listas abertas e a sorteo. Engade que polos motivos indicados votará en contra da proposta.

1ª intervención BNG (Bernardo Varela): Sinala que esta Deputación non destaca precisamente pola súa transparencia nos procesos de selección de persoal e con sentenzas que así o

indicaron. Engade que a CIG na mesa de negociación pediu un tribunal consensuado entre a parte social e a patronal, pero a esta non foi aceptada, e a proposta que se somete a votación é un atraso, sendo especialmente incomprensible a postura de DO. Remata indicando que polas razóns expostas votará en contra.

1ª intervención DO (Miguel Caride): Entrando no fondo da proposta que se somete a votación, indica que no cerne desta proposta está a vontade de evitar dilacións na tramitación dos procesos selectivos, lembrando que existen mecanismos suficientes para controlar a imparcialidade e o sometemento á normativa da actuación dos tribunais de selección, e non necesariamente a través do sistema de sorteo, que é un máis dos sistemas que teñen encaixe no marco legal. Remata sinalando que pola súa parte non hai ningún motivo que impida votar a favor desta proposta.

1ª intervención PS DE G-PSOE (Ignacio Gómez): Manifesta que si se analiza en profundidade máis que unha modificación, é unha ordenanza nova, unha emenda á totalidade da ordenanza aprobada non hai moitos anos. Engade que se trata de volver ao sistema anterior, que posibilitou que esta casa non fose ningún exemplo de boas prácticas na contratación de persoal, e que co modelo anterior houbo 104 contratacións de persoal que foron declaradas ilegais polos tribunais de xustiza. O motivo desta modificación, segundo manifesta o grupo de goberno, é que non hai funcionarios doutras ou desta administración, que queiran integrar os tribunais de selección, o que supón unha clara falta de credibilidade deles. Polo indicado manifesta que votarán en contra da proposta, lembrando que nesta Deputación non existe diálogo social xa que non se atende a ningunha petición da representación dos traballadores.

1ª intervención PP (Plácido Álvarez): Manifesta que se terxiversa a proposta do grupo de goberno, lembrando que concluída a negociación no seo da mesa xeral, esta non acadou acordo unánime. Indica que o obxectivo principal da reforma é a axilización dos procesos selectivos, lembrando que a Deputación ten pendente de desenvolver as ofertas de emprego público de anos anteriores e procesos de selección de persoal laboral temporal. A continuación enumera unha serie de políticas postas en marcha polo goberno provincial no

eido do emprego público nos últimos anos, insistindo na finalidade da proposta de modificación desta ordenanza.

2ª intervención CIUDADANOS (Montserrat Lama): Sinala que o voceiro do PP acaba de falar dun montón de cuestións que pouco ou nada teñen que ver co punto da orde do día. Pregunta se para axilizar os procesos selectivos unicamente existe esta opción, e engade que deben preguntarse porqué os empregados públicos rexeitan participar nos tribunais dos procesos selectivos, e con esta modificación a imaxe da institución sae mal parada, invitando ao grupo de goberno a que reflexione sobre a proposta.

2ª intervención BNG (Bernardo Varela): Na súa intervención insiste en que a parte sindical propuxo un sistema de listas consensuado, incluso con persoal de outras AAPP. Engade que hai un ano, se se dise esta situación, o discurso do grupo de DO sería totalmente contrario, e respecto ás verbas do voceiro do PP que non houbo acordo ningún na mesa xeral de negociación e que todos os sindicatos se desmarcaron desta proposta. Por ultimo lembra que o motivo que levara hai poucos anos ao sistema de sorteo fora, en palabras do presidente, as dúbidas que xeraban os nomeamentos dos membros dos tribunais por parte da Presidencia.

2ª intervención DO (Miguel Caride): Sinala que existe unha grande conflitividade e xudicialización dos procesos de contratación, tanto de empregados públicos como de contratos administrativos. Entende que os principios de celeridade e eficiencia son igualmente fundamentais na actuación administrativa, e que a influencia nas persoas membros dos tribunais pode darse en todo caso, independentemente do modo da súa designación. Finaliza sinalando que en termos de garantías xurídicas, estas son as mesmas, independentemente dese modo de selección dos membros do tribunal, e o sistema do sorteo tense amosado pouco eficiente.

2ª intervención PS DE G-PSOE (Ignacio Gómez): Comeza a súa intervención indicando que celeridade e eficiencia sí, pero tamén ética e decencia. Insiste de cara ao grupo de DO, que non teñen ningunha coherencia e que hai pouco máis dun ano tiñan unha opinión totalmente oposta á que manifestan actualmente. Engade que existe unha listaxe de persoas interesadas en participar nos procesos de selección, nomeando a un dos integrantes hoxe traballador do

grupo socialista, e que nunca foi chamado a ningún tribunal, quizais por ser concelleiro do partido socialista nun concello da provincia.

2ª intervención PP (Plácido Álvarez): Sinala que a persoa citada por Ignacio Gómez, se non foi chamada foi porque non saíu no sorteo, preguntándose se tamén se vai a poñer en dúbida un sorteo que se fai en acto público e retransmitido. Indica que o número de empregados desta Deputación ten moito que ver co modo de xestión directa que existe na maioría dos servizos. Por último sinala a dobre linguaxe dos membros da oposición, poñendo como exemplo as deputacións da Coruña, Pontevedra e Lugo, onde cogobernan PSOE e BNG, e o sistema de selección dos membros é a designación pola Presidencia ou deputado/a delegado/a, así como os concellos do Barco, Carballiño ou Verín.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 1º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: <http://depourense.seneca.tv/library/items/pleno-mayo-2020-05-29?part=d5b9913c-9d69-42a3-ba72-5dead82fc5be&start=290>

Sometido o asunto a votación, a proposta resulta aprobada por maioría, cos votos a favor dos deputados e deputadas do grupos do PP e DO e en contra dos restantes, co seguinte contido:

1º) Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido:

a) Modifícase o dito artigo 8, que quedaría redactado nos seguintes termos:

Artigo 8. Tribunais de selección.

1. O tribunal de selección estará formado por seis membros, integrándose por un presidente, catro vogais e un secretario que actuará con voz pero sen voto. Designaranse ademais un mínimo de dous suplentes por cada membro titular do tribunal.

Os membros do tribunal deberán ter a condición de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo de calquera administración pública ou de universidades públicas. A súa composición será estritamente técnica e deberán posuír unha titulación académica que acredite coñecementos nas materias que integren o temario do proceso selectivo. Na súa composición respectarase o principio de paridade conforme ao previsto no artigo 59 da Lei do emprego público de Galicia.

O secretario do tribunal será designado pola Presidencia, entre funcionarios do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial.

2. En todo caso, a participación nos tribunais terá carácter voluntario, polo que os empregados públicos interesados poderán manifestar a súa renuncia unha vez recibida a notificación da súa elección, entendéndose que aceptan se non comunican o contrario. En caso de renuncia, serán substituídos polo suplente elixido para tal fin.

Os membros do tribunal estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas na lexislación de procedemento administrativo común. O incidente de recusación poderá formularse en calquera momento do procedemento anterior á data de realización das probas.

3. Os tribunais de selección actuarán con plena autonomía no exercicio das súas funcións, non estando suxeitos a instrucións de ningún tipo por parte dos órganos da Deputación. A Deputación porá á súa disposición os medios materiais que precisen para a realización do seu cometido. En casos xustificados, os tribunais de selección poderán solicitar a contratación de asesores técnicos especializados para a realización e avaliación das probas selectivas.

A data da sesión constitutiva do tribunal para o inicio das súas actuacións será establecida pola Presidencia da Deputación Provincial. A convocatoria do resto de sesións corresponderá á presidencia dos tribunais, por conduto da súa secretaría.

4. O tribunal de selección non poderá constituírse sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sendo sempre necesaria a do presidente e do secretario. As súas decisións adoptaranse por maioría.

5. Co fin de que a participación dos empregados públicos nos tribunais de selección non supoña unha redución da súa dedicación aos seus postos de traballo nas administracións públicas, os tribunais realizarán as probas selectivas e as súas reunións de traballo preferentemente fóra da xornada laboral dos seus membros. Todos os membros do tribunal de selección terán dereito a recibir as correspondentes indemnizacións ou axudas de custo de conformidade coa lexislación vixente.

6. O establecido neste artigo non lles será de aplicación ás comisións de valoración dos concursos para a formación de listas previas, que se rexerán polo establecido nas correspondentes bases reguladoras, con respecto, en todo caso, ao establecido na lexislación vixente para os órganos de selección de persoal.

b) Modifícase a Disposición adicional segunda, que queda redactada nos seguintes termos:

Disposición adicional segunda

O disposto no artigo 8 da presente ordenanza seralles de plena aplicación aos tribunais de selección que se constituían nos procesos selectivos de selección de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo.

c) Modifícase a Disposición transitoria primeira, que queda redactada nos seguintes termos:

Disposición transitoria primeira

As normas sobre tribunais de selección establecidas no artigo 8 e na Disposición Adicional 2ª desta ordenanza serán de aplicación aos procedementos selectivos iniciados con anterioridade á súa entrada en vigor cando, no momento da dita entrada en vigor, aínda non se tivese procedido á designación dos membros do tribunal.

2º) O presente acordo someterase a información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio inserido na sede electrónica da Deputación e no Boletín Oficial da Provincia., para a presentación de reclamacións e suxestións, que, no seu caso, deberán ser resoltas polo Pleno. No caso de non presentarse reclamacións ou suxestións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Unha vez aprobada definitivamente a modificación da ordenanza, procederase pola Presidencia á publicación do texto íntegro resultante da dita modificación no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

2º.- EXPEDIENTE NÚMERO 4/2020 DE MODIFICACIÓN DO OBXECTO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA APROBADA NO PLENO DO 29 DE SETEMBRO DE 2019 E PUBLICADA DEFINITIVAMENTE NO BOP NÚMERO 251 DE 31 DE OUTUBRO DE 2019.

O secretario da lectura ao contido do ditame.

1ª intervención CIUDADANOS (Montserrat Lama): Indica que a solicitude do concello se enmarca na súa autonomía municipal, e polo tanto van a ter o respaldo deste grupo.

1ª intervención BNG (Bernardo Varela): Sinala que o problema é de fondo, que é o sistema que se emprega nesta Deputación para dar as axudas aos concellos, e das que se falará noutros puntos desta sesión. Manifesta que o seu grupo se vai a abster.

1ª intervención PS DE G-PSOE (Ignacio Gómez): Manifesta que comparte case na súa integridade a intervención do compañeiro do BNG, e que o problema real reside no reparto que se fai dos fondos da Deputación entre os diferentes concellos. Engade que se van abster na votación.

1ª intervención PP (Plácido Álvarez): Maniféstanse a favor desde o respecto a autonomía municipal de cada concello.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

<http://depourense.seneca.tv/library/items/pleno-mayo-2020-05-29?part=d5b9913c-9d69-42a3-ba72-5dead82fc5be&start=2680>

Sometido o asunto a votación, resulta aprobado cos votos favorables dos deputados e deputadas dos grupos do PP, DO e Cs e a abstención do PS de G-PSOE e o BNG, co seguinte contido:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do obxecto da subvención nominativa de carácter puramente cualitativo, e que non supón incremento do gasto xa previsto no orzamento orixinal de 2020.

Esta variación non cuantitativa afecta ao capítulo VII de gastos, co seguinte contido:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” da modificación orzamentaria 4/2019 dos orzamentos do 2019, prevíase unha subvención ao **Concello de Esgos** para a execución da obra “pavimentación Lobaces-Quintas” por importe de 40.000,00 euros.

Baseándose na solicitude presentada polo Concello de Esgos de data 18 de febreiro de 2020 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día **procede modificar a finalidade** da subvención, que pasa a ser a “Construción dun muro e humanización dos núcleos Lobaces e Quintas”

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Esgos	Construción dun muro e humanización dos núcleos Lobaces e Quintas	40.000,00 €

2ª.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

3ª.- MODIFICACIÓN DAS BASES 9ª E 10ª DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2020

O secretario da lectura ao contido do ditame.

1ª intervención CIUDADANOS (Montserrat Lama): A deputada agradece ao grupo de goberno que tivese en conta, neste caso a proposta do BNG, e que agarda que esta sexa a tendencia no futuro.

1ª intervención BNG (Bernardo Varela): Despois de agradecer que se traia esta proposta, entende que teñen unha eiva no senso de que non poderán optar por esta posibilidade os concellos que xa teñan adxudicada a dirección facultativa das obras, o que cree que sucede na maioría dos casos. Neste punto insta ao grupo de goberno a que se estenda a medida para que todos os concellos poidan optar a que o importe da achega para obras, de 48.000,00 €, poida ser destinado segundo se indica na modificación proposta, independentemente de que teñan comprometida a dirección facultativa da obra, que podería quedar para o exercicio seguinte.

1ª intervención DO (Miguel Caride): Engade que o feito de que se teñan contratadas xa a dirección facultativa e os servizos complementarios, debería valorarse xuridicamente en como

afectaría, e no caso de que non houbera problema, podería valorarse a dita proposta de ampliación da modificación exposta.

1ª intervención PS DE G-PSOE (Ignacio Pérez): Comeza sinalando que o seu grupo formulou por escrito para este pleno unha pregunta relativa ao número de concellos que aprobaron xa os proxectos e poderían acollerse a esta medida. Entende que os concellos que teñen delegada a contratación do plan provincial non poden acollerse a esta medida, xa que xa a teñen adjudicada, polo que esta modificación deviría totalmente ineficaz. A continuación recrimina ao deputado Pablo Pérez que se ría da súa intervención, e que a cuestión é suficientemente seria para que sexa, polo menos, valorada.

1ª intervención PP (Pablo Pérez): Indica que a proposta pon o que pon, e que se poden acoller os que se poden acoller por cumprir os requisitos indicados, sete en total. Sinala a receptividade que tivo o grupo de goberno coa proposta, neste caso, no grupo do BNG.

2ª intervención CIUDADANOS (Montserrat Lama): Sinala que o que foi trasladado pola oposición, neste caso o BNG, foi aceptado polo grupo de goberno, engadindo que se se quere instar outra modificación debe ser novamente formulada, e que non lle ve maior problema.

2ª intervención BNG (Bernardo Varela): Manifesta que habería que estudar como se podería estender esta solución a un maior número de concellos, xa que senón esta modificación nace coxa. Pídelle ao grupo de goberno que reflexione xuridicamente a posibilidade que neste caso solicita o grupo socialista, xa que entende que sería bo para os concellos e para a respectiva veciñanza. Sen prexuízo do indicado manifesta que votará a favor da proposta.

2ª intervención DO (Miguel Caride): Di que habería que valorar xuridicamente a proposta do grupo socialista, pero que en todo caso a proposta da orde do día debe seguir a súa canle sen deixala sobre a mesa, pola súa importancia, e ser votada nesta sesión.

2ª intervención PS DE G-PSOE (Ignacio Gómez): Manifesta que se hai vontade política e técnica se pode facer, e que xa se advertiu nas comisións informativas, e que o seu grupo leva instando esta modificación 15 días. Engade que esta modificación tarda varios días en entrar

en vigor, e que incluso pode suceder que o número de concellos que poidan acollerse sexa aínda menor. Por último lanza a pregunta ao grupo de goberno de que a ver se no fondo o que ocorre é que non queren que se deixen de adxudicar as obras, insistindo en que esta modificación, pola súa escasa aplicabilidade, é un fracaso.

2ª intervención PP (Pablo Pérez): Sinala que os concellos que se poden acoller a esta base son os que solicitaron a delegación da contratación das obras. Son 459.000,00 € que esta Deputación pon a disposición dos concellos para a loita contra o COVID-19.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

<http://depourense.seneca.tv/library/items/pleno-mayo-2020-05-29?part=d5b9913c-9d69-42a3-ba72-5dead82fc5be&start=3019>

Sometido o asunto a votación, resulta aprobado cos votos a favor dos deputados e deputadas dos grupos do PP, DO, CS e BNG, e a abstención do PS de G-PSOE.

1.- Aprobar inicialmente a modificación das bases 9ª e 10ª do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2020, que pasarían a ter a seguinte redacción:

9ª) Réxime especial para os concellos a causa da pandemia de COVID-19.

Os concellos da provincia, coa excepción daqueles que á data da aprobación desta modificación teñan adxudicados –por si ou mediante o servizo de contratación da Deputación- contratos para a execución ou a dirección facultativa dos investimentos incluídos no plan provincial, poderán optar entre adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases anteriores ou solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais en todo o parte do importe da achega provincial ás obras municipais (ata 51.000,00 €) con destino á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopan total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na presente base. A xustificación da utilización dos fondos percibidos ao abeiro do disposto nesta cláusula, achegarase antes de que remate o día 2 de decembro de 2020 mediante conta xustificativa asinada polo alcalde e o interventor de fondos do concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións.

10ª) Réxime especial para a entidade local menor de Berán a causa da pandemia de COVID-19.

A entidade local menor de Berán, nos mesmos termos fixados nas bases anteriores para os concellos, poderá beneficiarse dunha achega provincial por importe de 24.000,00 € con destino a investimentos en servizos da súa competencia ou, de se-lo caso, á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente da entidade. Da dita cantidade poderá destinarse ata un máximo de 2.000,00 € para a contratación dos servizos complementarios precisos para a execución dos investimentos proxectados.

2º.- Someter a dita aprobación ao trámite de información pública, mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, polo prazo de dez (10) días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas de xeito motivado no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase automaticamente aprobada de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

4º.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIA FORMULADA POLO CONCELLO DE MUÍÑOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “AMPLIACIÓN DE ACCESOS A REQUIAS E GUNTUMIL”, NO CONCELLO DE MUÍÑOS.

O secretario da lectura ao contido do ditame.

1ª intervención CIUDADANOS (Montserrat Lama): Sinala que este asunto se enmarca na autonomía municipal.

1ª intervención BNG (Bernardo Varela): Di que se trata dunha das funcións propias das Deputacións, ás de asumir este tipo de delegacións, e da que fai uso neste caso o Concello de Muíños, polo que non ten nada que engadir.

1ª intervención PS DE G-PSOE (Rodríguez Villarino): Comeza a súa intervención facendo unha homenaxe ao persoal sanitario en xeral, particularmente aos médicos MIR que tiñan prometido un contrato ata final de ano e o día 26 de maio foron despedidos.

Entrando xa no asunto da orde do día, diríxese ao alcalde do Concello de Muíños, para realizar unha serie de preguntas como son se o concello conta con proxecto de expropiación, cantas parcelas e metros son os afectados, se se falou cos propietarios afectados e porqué se emprega o método de taxación conxunta.

1ª intervención PP (Plácido Álvarez): Agradece o apoio dos grupos da oposición a esta proposta do Concello de Muíños, e con respecto ás preguntas do voceiro do partido socialista manifesta que o proxecto de expropiación será solicitado ao concello unha vez aceptada a delegación, tal e como pon na proposta, que se trata de dous propietarios cos que falou un concelleiro e varios veciños, e os metros afectados son 4,35 e 2,60 respectivamente. Por último engade que o debate deste asunto debe levarse no pleno do propio concello

2ª intervención PS DE G-PSOE (Rodríguez Villarino): Pregunta porque non se dialoga con estes propietarios e cal é a razón de que non se lles oferte nada. A continuación pasa a dar lectura a un escrito presentado por unha das afectadas no rexistro do concello de Muíños onde indica que a medición é errónea e pide que se lle aboe a cantidade procedente. Logo fai o mesmo co documento presentado polo fillo no rexistro do concello de Muíños. Engade que, na súa opinión, se trata dunha “miseria” traer este asunto ao pleno da Deputación.

2ª intervención PP (Plácido Álvarez): Comeza a súa intervención instando ao voceiro do grupo socialista a que vaia facer labor de oposición ao concello de Muíños, xa que alí ten moi pouca. Sobre o seu trato cos veciños, lembra que en reiteradas eleccións xa lle amosaron o seu apoio elixíndoo como alcalde. Engade que non se trata de nai e fillo, senón dunha parella que viven separados. Por último, insta novamente ao voceiro do grupo socialista a que apoie o labor do seu grupo no concello de Muíños, que ten unha presenza máis ben escasa.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

<http://depourense.seneca.tv/library/items/pleno-mayo-2020-05-29?part=d5b9913c-9d69-42a3-ba72-5dead82fc5be&start=4642>

Sometido o asunto a votación resulta aprobado co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, cos votos favorables dos deputados e deputadas dos grupos do PP, DO, CS e BNG, e a abstención do grupo do PS de G-PSOE, e co seguinte contido:

1º.- Aceptar a delegación de competencia formulada polo Concello de Muíños para a tramitación do expediente expropiatorio para a execución da obra “ampliación de accesos a Requias e Guntumil”.

2º.- Requirirlle ao concello de Muíños para que presente o proxecto de expropiación necesario para a tramitación do expediente expropiatorio, de conformidade co previsto no citado art. 118 da *Lei 2/2016, do solo de Galicia*, así como a certificación urbanística da adecuación das obras ao PXOM do Concello de Muíños.

5º.- OUTORGAMENTO AO ESCULTOR OURENSÁN DON ACISCLO MANZANO FREIRE DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA DE OURENSE.-

O deputado do grupo do PP, Rosendo Fernández, dá lectura á proposta formulada pola deputada instrutora do expediente.

1ª intervención CIUDADANOS (Montserrat Lama): Despois do relato preciso e completo realizado polo deputado que deu lectura á proposta indica non ter nada máis que engadir, só que se suman a este recoñecemento.

1ª intervención BNG (Bernardo Varela): Igualmente amosa a adhesión do grupo do BNG a este recoñecemento a don Acisclo Manzano.

1ª intervención DO (Miguel Caride): Sinala igualmente a adhesión a este recoñecemento, a quen considera ademais o seu amigo, e felicita á deputada instrutora que redactou unha “laudatio” tan precisa e completa.

1ª intervención PS DE G-PSOE (Rodríguez Villarino): Tamén amosan o seu apoio a esta proposta, engadindo que estaría ben que a deputada instrutora estivese na sesión para darlle lectura a aquela. Matizan que existe un erro cando se di que no ano 1962 lle foi outorgada a medalla de ouro de Madrid, e non é así, senón o premio nacional con medalla de ouro, en Madrid. Engade que a súa obra transcende a propia provincia e que ser premio nacional de escultura con 22 anos é unha boa mostra. Ademais ten unha boa semente no seu fillo Acisclo novo, unha persoa vangardista e que quere cambiar o mundo como o propio Acisclo. Pregunta tamén pola homenaxe ao cineasta José Luis Cuerda solicitada polo grupo socialista, xa que a presidenta da comisión de cultura, manifestou non ter coñecemento dela, e pide que conste en acta a petición do seu grupo para que se traia ao pleno esa homenaxe igualmente merecida. Finaliza indicando que a votación do seu grupo vai ser favorable, se ben entende que as circunstancias nas que se trae esta cuestión ao pleno non son as mellores.

1ª intervención PP (Rosendo Fernández): Toma a palabra para recriminar ao voceiro socialista a súa contradición, que por un lado indica que non é o momento de traer este recoñecemento ao pleno, pero por outro fai propostas similares. Engade que o que non vai pasar e que na intervención anterior, dixera que os médicos MIR foran despedidos. Matiza que os médicos MIR de Ourense non foron despedidos, e están todos traballando neste momento.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

<http://depourense.seneca.tv/library/items/pleno-mayo-2020-05-29?part=d5b9913c-9d69-42a3-ba72-5dead82fc5be&start=5502>

Sometido o asunto a votación, por unanimidade, acórdase o seguinte:

De conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, e consonte coa proposta formulada pola instrutora do expediente, outorgarlle a medalla de ouro da provincia ao escultor ourensán don Acisclo Rogelio Manzano Freire.

6º.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COS CONCELLOS, PARA O COFINANCIAMENTO DA REDE PROVINCIAL DE ESPAZOS CULTURAIIS E A PROGRAMACIÓN COORDINADA DE ACTIVIDADES A NIVEL PROVINCIAL (REAOU) PARA O EXERCICIO 2020.-

O secretario dá lectura ao contido do ditame.

1ª intervención CIUDADANOS (Montserrat Lama): Sinala que como xa trasladou nas comisións, este tipo de decisións soan boas, xa que favorecen tanto ao comercio local que tanto nos necesita nestes intreos como ao sector cultural.

1ª intervención BNG (Bernardo Varela): Indica que apoiarán esta proposta xa que é unha reivindicación deste grupo do BNG xa desde o ano pasado e solicitan que esta medida se manteña no tempo, polo que votarán a favor dela.

1ª intervención DO (Miguel Caride): Sinala que este programa REAOU axuda moito ao artista local e ao comercio local, polo que o seu grupo votará a favor desta medida.

1ª intervención PS DE G-PSOE (Rodríguez Villarino): Considera igualmente que é unha medida positiva para saír con máis forza da crise provocada por esta pandemia, e traslada a posición deste grupo manifestada nas comisións informativas e solicita que esta medida se manteña en exercicios posteriores, e solicita que se incremente o orzamento xa que levar as actuacións a lugares e espazos abertos supón un incremento de custos en temas como equipos de luz, son ou grupos electrónxenos.

1ª intervención PP (Pablo Pérez): Matiza que as propostas dos grupos que lle precederon no uso da palabra irían un pouco en contra da esencia do programa REAOU. Lembra que este programa nace coa iniciativa de crear unha rede de auditorios que revitalice e dote de contidos a este tipo de infraestruturas, algunhas das cales estaban en desuso, engadindo que para actuacións en espazos exteriores existen outro tipo de liñas de axudas da Deputación como é o

plan Tarazana. Para rematar matiza que esta é unha medida excepcional que se toma ante unha situación excepcional.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

<http://depourense.seneca.tv/library/items/pleno-mayo-2020-05-29?part=d5b9913c-9d69-42a3-ba72-5dead82fc5be&start=6492>

Sometido o asunto a votación, resulta aprobado por unanimidade dos deputados e deputadas, co seguinte resultado:

1º. Aprobar inicialmente a modificación das Bases reguladoras do Programa de cooperación da Deputación de Ourense cos concellos, para o cofinanciamento da rede provincial de espazos culturais e a programación coordinada de actividades a nivel provincial (REAOU) para o exercicio 2020 (BOP núm. 288 de data 17.12.2019), engadindo unha disposición transitoria primeira, co seguinte contido:

Disposición transitoria primeira.-

De xeito excepcional, e ante a situación de estado de alarma decretada polo Goberno da Nación mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, e no marco das medidas adoptadas para loitar contra a pandemia do COVID-19, os concellos adheridos á rede poderán promover espectáculos e eventos integrados na rede a celebrar en espazos ao aire libre, a elección de cada concello adherido, e adaptando en todo caso a celebración dos diferentes eventos á normativa e recomendacións que se ditén en materia de aforo, hixiene ou distancia social entre persoas. A dita habilitación estenderá a súa vixencia ata a data 31.12.2020.

2º. O presente acordo de aprobación inicial someterase a un prazo de información pública de dez (10) días hábiles, mediante a publicación do correspondente anuncio na sede electrónica e no Boletín Oficial da provincia de Ourense. De non producirse alegacións entenderase aprobado definitivamente e, no caso contrario, someteranse aquelas á consideración do pleno para a súa aprobación definitiva. Logo de aprobarse definitivamente a modificación do programa, publicarase o pertinente anuncio na sede electrónica e no Boletín Oficial da provincia de Ourense

7º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR E DEMOCRACIA OURENSANA PARA A CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN “OURENSE FUTURO”.-

1ª intervención PP (Plácido Álvarez): Toma a palabra para facer un breve resumo da moción proposta, lembrando o traballo desta Deputación neste novo horizonte que se aveciña, promovendo para isto a constitución da Comisión “Ourense futuro”, baseada na planificación do papel das AAPP desde múltiples ópticas, escoitando para isto ás organizacións máis representativas da provincia nos eidos económico, cultural, deportivo e outros e con presenza dos diferentes grupos políticos. En resumo, trátase de deseñar un novo modelo económico e social para a provincia, escoitando aos diferentes grupos políticos e diferentes organizacións.

1ª intervención DO (Miguel Caride): Sinala que este tipo de comisións son necesarias máis que nunca ante a crise que se aveciña, escoitando aos diferentes axentes e á sociedade civil, cun sistema de funcionamento sinxelo e abordable, cun calendario de comparecencias e un posterior documento de conclusións que sirva para o deseño de políticas construtivas que axuden a saír desta crise.

1ª intervención CS (Montserrat Lama): Sinala que en política a palabra “escoitar” é fundamental, polo que lle parece unha boa iniciativa, poder escoitar a todos os axentes implicados para poder mellorar como sociedade e como institución, e incide na problemática que pode darse proximamente co tema da conciliación, e que entende que debe ser un dos que se aborden no seo desta comisión. Polas razóns indicadas sinala que votará a favor desta moción.

1ª intervención BNG (Bernardo Varela): Sinala que votarán a favor desta proposta, xa que o BNG leva tempo reivindicando a creación dun órgano desta Deputación que trace as liñas estratéxicas que poidan sacar a esta provincia do estado comatoso no que se atopaba, xa antes da chegada da pandemia do COVID-19. Engade que este é un momento transcendente da historia e que os representantes políticos deben estar á altura. En todo caso tamén quere matizar que no texto da moción, a palabra “concellos”, que é a razón fundamental da existencia das Deputacións, non aparece en ningún intre, polo que agarda que se corrixa esta circunstancia, xa que o artigo 36 da LRBRL sinala a asistencia e cooperación aos concellos

como a principal competencia das deputacións, e que os concellos deben, como administración máis próxima á veciñanza, ser a pedra angular das políticas que se deseñen e se desenvolvan.

1ª intervención PS DE G-PSOE (Rodríguez Villarino): Sinala que se absterán nesta moción xa que bota en falla referencias “á xente”, aos traballadores, ao terceiro sector. Sinala ademais que non da máis participación que a xa prevista polo emprego do voto ponderado, sen orzamento e sen participación social na toma de decisións. Engade que a democracia participativa está en crise, particularmente nesta provincia. A continuación pregunta se isto é un modelo de democracia participativa e realmente para que vai valer. Insiste en saber que modelo de democracia participativa, e se o é, cal é o modelo polo que se aposta, se ben entende que se trata da clásica democracia representativa pero “engalanada”, pero carente de utilidade por non ter capacidade de decisión, e consiste en duplicar o que xa temos. Finaliza indicando que para apoio do seu grupo a esta moción deberían existir “vontade e concreción”, é dicir, engadir sistemas de participación, orzamento e ver cal é a posibilidade de influír na toma de decisións.

2ª intervención PP (Plácido Álvarez): Toma a palabra para dirixirse ao deputado do BNG para indicarlle que senón hai referencias aos concellos é porque vai estar a Deputación, que é o concellos dos concellos, e todos os grupos con representación. Respecto á intervención do PS de G-PSOE preguntalle que se o seu modo de entender a participación e por exemplo non acudindo ao debate sobre o estado da provincia. Indica que estamos afrontando unha situación xamais imaxinada, e que debemos adoptar medidas innovadoras para afrontala, sendo prioridade o futuro benestar da veciñanza de Ourense, polo hai que traballar na recuperación económica e social da provincia como xa estamos a facer, e nesta tarefa estamos todos chamados a participar.

2ª intervención DO (Miguel Caride): Comeza a súa intervención sinalando que onde realmente se aprende é escoitando e falando, que iso nunca vai ser negativo a priori, que non é momento de facer xogo político e que se trata de escoitar á xente no seo da comisión, e de que de alí poidan saír propostas, polo que di non entender esa negativa do grupo socialista.

2ª intervención CIUDADANOS (Montserrat Lama): Volve incidir en que esta moción trata de “escoitar”, unha actitude fundamental na clase política, e máis na situación actual. Engade que non pode entender como os representantes do partido que goberna a nación non poden dar unha razón coherente para a súa negativa a non apoiar esta moción.

2ª intervención BNG (Bernardo Varela): Sinala que o BNG é propositivo e crítico ao mesmo tempo no seu labor de oposición, e insiste en que o resultado desta moción debe plasmarse en medidas para a veciñanza da provincia e sempre da man dos concellos.

2ª intervención PS DE G-PSOE (Rodríguez-Villarino): Comeza a súa intervención dicindo que menos mal que está o goberno socialista gobernando neste intre no goberno central, para así tomar medidas para a xente. Sinala que a súa pregunta sobre o modelo de democracia que levaba a moción non foi respostada e que só se dixeron “vaguezas”, e que todo consiste en escoitar á xente para que tomen decisións os de sempre. Sinala que o goberno do Estado si está respondendo á cidadanía nesta crise, e non outros como o do concello de Ourense. Engade que vir aquí simplemente cunha ocorrencia para saír do paso non é de recibo, que o seu grupo asistirá á primeira reunión da comisión e que verán se continúan nela.

Intervención de peche PP (Plácido Álvarez): Indica que para rematar se vai cingir ao punto da orde do día, se ben quere preguntarlle ao voceiro do partido socialista sobre cal é o modelo da comisión de reconstrución nacional que puxo en marcha o goberno do Estado e se este reúne todos os requisitos dos que falou na súa intervención, acusándoo de dobre linguaxe. Remata indicando que esta comisión debe ser o altofalante da sociedade ourensá e clave en termos de transparencia e goberno aberto, aprobando unha relación de comparecentes e elaborando un documento final que recolla as conclusións e que o mesmo sexa tido en conta, nesta e noutras AAPP, para o exercicio das diferentes políticas públicas.

Intervención de peche DO (Miguel Caride): Sinala que isto é un acto formativo e que non ten encaixe na democracia participativa, e se podía facer perfectamente sen necesidade de traer esta moción, pero se trae precisamente para ir todos os grupos da man. Que se trata dun acto de humildade política para escoitar á sociedade, e que rexeitar esta cuestión é un acto de soberbia política.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

<http://depourense.seneca.tv/library/items/pleno-mayo-2020-05-29?part=d5b9913c-9d69-42a3-ba72-5dead82fc5be&start=7024>

Sometido o asunto a votación, queda aprobado co voto favorable dos deputados e deputadas dos grupos do PP, DO, Cs e BNG e a abstención do grupo socialista, co seguinte contido:

- Constituír a comisión “Ourense Futuro” como receptora das demandas e achegas que poidan formularse dende calquera colectivo social da nosa provincia, tendo en conta o seguinte marco mínimo de actuación:
 - 1º.- A comisión estará conformada por un representante de cada grupo político provincial (designando, nun prazo de cinco días dende a aprobación plenaria, un/unha titular e un/unha suplente) adoptando as súas decisións mediante o sistema de voto ponderado.
 - 2º.- A comisión “Ourense futuro” elaborará un calendario de comparecencias para coñecer de viva voz as proposicións dos convocados ás sesións correspondentes.
 - 3º.- A comisión establecerá asemade canles de comunicación para que poidan achegarse tamén por escrito as contribucións dos colectivos.
 - 4º.- As actividades da comisión desenvolverase durante este ano de 2020 e serán públicas todas as comparecencias e documentos de traballo.
 - 5º.- Os representantes dos grupos políticos actuarán como relatores para redactar un documento final que recolla o sentir dos comparecentes de xeito claro e directo, aprobándose no Pleno da Corporación Provincial, servindo de folia de ruta para a acción política no noso territorio.
 - 6º.- O documento aprobado, froito dos traballos da comisión Ourense Futuro, remitiránselles aos titulares dos poderes executivo e legislativo a nivel autónomo e estatal.

8º.- MOCIÓN DE CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA PARA QUE OS CONCELLOS E DEPUTACIÓNS POIDAN DISPOR DO 100% DO REMANENTE DE TESOURERÍA OBTIDO POLAS ENTIDADES.-

O Sr. presidente indica que, tal e como se acordou na xunta de voceiros, o debate do punto oitavo e noveno da orde do día será conxunto, procedéndose logo á votación separada de cada un deles.

1ª intervención CIUDADANOS (Montserrat Lama): Comeza a súa intervención indicando que esta moción debe ser a base de todas as propostas de actuación que se fagan desde esta Deputación Provincial, pasando a continuación a ler a proposta de acordo, pedíndolles aos restantes grupos o seu voto favorable.

1ª intervención PP (Plácido Álvarez): Sinala que os concellos e as deputacións teñen asumido nos últimos anos moitos sacrificios nas súas arcas, axudando ás contas do Estado a cumprir co obxectivo de déficit marcado pola UE, ao que hai sumar as competencias impropias que se exercen, e que é o momento de que o Goberno asuma as reivindicacións que se fan desde a FEMP de xeito unánime, solicitando o apoio dos grupos da Deputación ás proposta de acordo que figuran na moción. Indica que o presidente Pedro Sánchez quere usar os recursos e os aforros das EELL para salvar ao goberno do Estado, e que a resposta das EELL debe ser contundente ante esa posibilidade.

1ª intervención BNG (Bernardo Varela): Sinala que en relación coa moción de Cs irían máis alá, solicitando a derogación da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, xa que o problema non é só o remanente, senón a regra de gasto, que impediría o gasto en 2021 aínda existindo crédito. Respecto á moción do PP sinala que non pode compartir case nada da súa parte expositiva, lembrando que o ministro Montoro do PP é o pai desta lei. Engade que o BNG segue a loitar por un financiamento xusto para os concellos de Galicia, e que aínda discrepando na parte expositiva, van apoiar a proposta do grupo do PP, solicitando que se se pode empregar o remanente da Tesourería da Deputación, este se reparta con criterios obxectivos.

1ª intervención DO (Miguel Caride): Comeza a súa intervención indicando que tentará tratar esta moción dende o punto de vista máis aséptico e obxectivo posible. Sinala que todo parte das declaracións da ministra de Facenda M.^a José Montero onde se di que se vai explorar que o Estado poida empregar os aforros das EELL, e continúa coas verbas do presidente Pedro Sánchez onde indica que valorará se acudirá ao Fondo Europeo de rescate en función do interese xeral dos españois. Engade que todo debe partir da pregunta de cantos cartos necesita o Estado para facerlle fronte á pandemia do COVID-19 e ás secuelas económicas que esta vai deixar na economía do país. Ninguén o sabe, e a segunda pregunta é de onde van saír os fondos que se van a necesitar. A continuación explica cales son os recursos postos a disposición pola UE para os estados membros na loita contra o COVID-19, fondos todos eles que son finalistas, e que seguramente non van ser suficientes, xa que vai aumentar o gasto social e vai haber diminución de ingresos, polo que as cantidades da tripla liña de seguridade da UE non vai ser suficiente. Indica que os especialistas anuncian que imos ter que acudir a rescate con baixada de soldos aos empregados públicos, baixada de pensións e outras medidas similares, polo que é presumible que o Goberno central pense en facer uso dos aforros das EELL para evitar o rescate. O fondo do debate debe referirse pois a que as EELL poidan blindar os seus aforros e poder usalos sen inxerencias do Estado.

1ª intervención PS DE G-PSOE (Ignacio Gómez): Comeza a súa intervención sinalando que é obvio que estamos ante unha situación complicadísima en todo o mundo, e que nesta crise se vai ver a humanidade no seu conxunto. Matiza que en principio van votar a favor a moción de Cs, pero que hai que ter presente que a lei que impide usar os aforros das EELL foi aprobada polo grupo de PP, do que formaba parte a deputada propoñente. A continuación manifesta que as dúas mocións, a de Cs e a do PP non son o mesmo tal e como dixo o voceiro do PP, e que tamén hai que ter presente que o 20 % dese remanente xa pode ser utilizado polas EELL. Seguidamente sinala que a moción do PP se basea en xuízos de valor de algo que aínda non pasou e que non é de recibo dar unha labazada “por se acaso” ao goberno Central que ven de mobilizar máis de 200.000 millóns de euros para loitar contra a crise do COVID-19.

2ª intervención CIUDADANOS (Montserrat Lama): En primeiro lugar agradece o voto favorable de todos os grupos a esta moción, indicando que non lle parece nin oportuno nestes

intres poñerse a valorar quen apoiou e quen non a citada lei. A continuación indica que ela ten criterio e opinión propia, que é moi importante en política, moitas veces por enriba dos partidos políticos. Remata indicando que esta medida, de aceptarse polo Goberno, será o punto de partida para poder realizar políticas a favor da veciñanza da provincia.

2ª intervención PP (Plácido Álvarez): Comeza a súa intervención dicindo que non é entendible a postura do grupo socialista, e que non apoiar esta moción iría contra a propia veciñanza. O uso dos fondos das EELL polo Estado non pode cualificarse nin como bulo nin como rumor, xa que están aí as verbas da ministra de Facenda, a postura do presidente do Goberno que non desminte esta probabilidade ou que houbera presidentes de CCAA que pedirán que se lles destinasen eses cartos. Por último pregunta que problema hai en posicionarse nos termos en que figura na moción, tal e como fixo a FEMP, cos votos do partido socialista incluídos. Lembra que as EELL en xeral e a Deputación de Ourense en particular, levan anos de políticas austeras para teren os aforros que teñen hoxe, e que agora ven o Goberno coa ameaza de espolialos, polo que aprobar esta moción é necesario.

2ª intervención BNG (Bernardo Varela): Centrando a cuestión do debate, sinala que o único que se pide dende o BNG é que cando se poida empregar o remanente que ten a Deputación este sexa vehiculizado a través dos concellos da provincia. Remata indicando que vai votar a favor das dúas mocións, as cales comparte en canto ao fondo.

2ª intervención DO (Miguel Caride): Comeza a súa intervención sinalando que non entende a postura do voceiro do grupo socialista, e que o importante aquí como concelleiros e deputados provinciais, é defender os aforros das EELL. Sinala que o uso destes aforros polo Estado é unha posibilidade e un escenario plausible, pero que ante esta, toca posicionarse para defender eses aforros. Antes as acusacións de demagoxia vertidas por membros do grupo socialista, indica que neste intre deixa de debater.

2ª intervención PS DE G-PSOE (Ignacio Gómez): Comeza a súa intervención recriminándolle ao deputado de DO, quen “minte máis que fala”, por acusalo de dicir que era un mal político cando di que as súas palabras foron que non actuaba como político. Sinala que este debate é

totalmente demagórico xa que a moción do PP é unha moción electoralista e oportunista, que o único que trata é de confrontar co Goberno central.

Quenda de peche CIUDADANOS (Montserrat Lama): A modo de resume sinala que se vai aprobar por unanimidade que o Goberno do Estado lles permita ás EELL empregar o 100 % do seu remanente de tesourería, que vai ser capital para as políticas futuras, polo que reitera o seu agradecemento aos restantes grupos.

Quenda de peche PP (Plácido Álvarez): Insiste en non entender porqué o grupo socialista non quere posicionarse a favor de que as EELL poidan usar a súa liquidez, tal e como fixo a FEGAMP.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

<http://depourense.seneca.tv/library/items/pleno-mayo-2020-05-29?part=d5b9913c-9d69-42a3-ba72-5dead82fc5be&start=9258>

Sometido este asunto a votación, por unanimidade de todos os deputados e deputadas acórdase:

Instarlle ao Goberno de España a que os concellos e deputacións poidan dispor do 100% dos remanentes de tesourería obtidos polas entidades, flexibilizando a regra de gasto para todas as entidades locais e provinciais con superávit, con independencia de que cumpran ou non os requisitos establecidos na Disposición adicional sexta da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, co fin de paliar os danos económicos provocados polo estado de alarma

9º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A GARANTIR A AUTONOMÍA QUE A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA E AS LEIS LLES OUTORGAN ÁS ENTIDADES LOCAIS PARA A XESTIÓN DOS SEUS RECURSOS.-

A deliberación deste punto tivo lugar conxuntamente coa do punto anterior.

Sometido este asunto a votación, resulta aprobado co voto favorable dos deputados e deputadas dos grupos do PP, DO, Cs e BNG e en contra do PS de G-PSOE, adoptándose o seguinte acordo:

- Instar ao goberno de España a:

1º.- Non utilizar os poderes excepcionais que lle confire o estado de alarma, nin outros subterfuxios legais, para apropiarse dos aforros das EELL vulnerando preceptos constitucionais e leis en vigor debido a que, como indica o artigo 29 da Lei do goberno, está suxeito á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico en toda a súa actuación.

2º.- Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis lles outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

3º.- Flexibilizar as regras para que as entidades locais poidan utilizar os seus superávits para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar contra a pandemia, sempre en coordinación coas comunidades autónomas e o Estado.

4º.- Que se se expón modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais, valide as ditas modificacións no Congreso dos Deputados, ante os lexítimos representantes de todos os españois, dado que a declaración do estado de alarma non interrompe o normal funcionamento dos poderes do Estado (artigo 1.4 da Lei 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio).

5º.- Cumprir o acordado pola FEMP e o Goberno de España na reunión do 20 de abril de 2020, na que estivo presente o presidente do goberno e na que se acordou que non se expuxesen cambios no Congreso sen estar previamente acordado coas EELL.

<http://depourense.seneca.tv/library/items/pleno-mayo-2020-05-29?part=d5b9913c-9d69-42a3-ba72-5dead82fc5be&start=9282>

10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A INTRODUCCIÓN DE MELLORAS NA ASISTENCIA E COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN AOS CONCELLOS DA PROVINCIA A CAUSA DO COVID 19.-

1ª intervención PS DE G-PSOE (Ignacio Gómez): Comeza sinalando que se trata dunha moción moi acaída para estes intres, sinalando a demagogia coa que actúa o grupo de goberno cando afirma que é o tempo das persoas, pero non aproban a modificación do plan provincial que permitiría que todos os concellos poidan dedicar os seus fondos a gasto corrente para a loita contra o COVID-19. Engade que traen esta moción porque xa intuían que non se ía permitir a dita modificación, e agora o que se prevé nesta moción é que este segundo plan se poida empregar polos concellos na loita contra o COVID-19. A continuación procede a dar lectura á tipificación do delito de prevaricación no vixente Código Penal, para seguidamente amosar notas dos concellos de Ribadavia, Boborás, e Oímbra, preguntando como o día anterior sabían que ían publicar no BOP as bases de axudas para autónomos e pequenas empresas e, nalgún caso, empregando incluso a web corporativa do concello. A continuación amosa unha relación de contrato menores tramitados durante o estado de alarma na Deputación, así como axudas a medios de comunicación, referíndose ao grupo de DO como cómplices desta situación.

1ª intervención CIUDADANOS (Montserrat Lama): Sobre a proposta de moción que presenta o grupo socialista pregunta se se pode engadir trasladarlle ao Goberno de España que permita empregar o 100 % do remanente de Tesourería dos concellos, xa que senón non se poderían executar esas propostas. Sobre a proposta de duplicar os importes destinados a cooperación, entende que esta cuestión se pode valorar precisamente na comisión Ourense futuro que se acordou crear neste pleno. Por último indica que o seu grupo se vai a abster nesta moción, xa que considera que para materializar propostas concretas na loita contra a pandemia, é precisa unha reflexión previa e escoitar aos axentes implicados.

1ª intervención BNG (Bernardo Varela): En primeiro lugar indica que a proposta de cooperación cos concellos que se expón na moción queda curta, se a comparamos coas outras deputacións galegas, e sinala que os fondos dispoñibles deben ser repartidos con criterios obxectivos e transparentes, non con criterios lineais que non son xustos ou de xeito arbitrario. Non obstante indica que non están de acordo co punto 4º da moción, relativo á redución do 25 % da taxa de recollida do lixo, e resulta perigoso trasladarlle a percepción á cidadanía de que esta taxa pode ser rebaixada, cando na meirande parte dos casos non cubre o gasto do servizo.

Remata indicando que salvo que se retire ese punto cuarto ou se vote separadamente, absterase na votación da moción.

1ª intervención DO (Miguel Caride): Sinala que, posto que o deputado propoñente non falou nin un só segundo da súa intervención da moción incluída na orde do día, el tampouco ten nada que dicir sobre ela.

1ª intervención PP (Pablo Pérez): Indica en primeiro lugar que, porque haxa obras nesta administración non pasa nada, amosando un titular de prensa que fala do avance do plan de obras no Concello de Xinzo de Limia. Engade que nestas datas tamén a Confederación Hidrográfica continuou coa tramitación de obras. Respecto da publicación das axudas a autónomos indica que é lexítimo que alcaldes e alcaldesas pregunten cando saen no BOP publicadas as axudas, tal e como fan alcaldes tamén do partido socialista. Centrándose xa na moción sinala que se trata dun “*plan Varela descafeinado*”, e que o partido socialista chega tarde coas súas propostas, e que este grupo de goberno trouxo ao pleno de hai un mes moitas medidas que xa se están executando. A continuación enumera unha serie de medidas postas en marcha pola Deputación de Ourense dende a data 12.03.2020 para loitar contra a pandemia do COVID-19 en diferentes ámbitos de actuación, rematando a súa intervención sinalando que todas estas medidas non se poderían adoptar se se atende á moción do grupo socialista.

2ª intervención PS DE G-PSOE (Ignacio Gómez): Comeza a súa intervención sinalando que o deputado Pablo Pérez ven aquí a insultar e non fai ben o seu traballo. Pondo como exemplo que indicou que os puntos limpos estaban abertos cando a realidade é que estaban pechados. A continuación sinala que o que se produciu foi que houbo información privilexiada para certas persoas por parte do grupo de goberno en concursos nos que se premian as solicitudes que cheguen antes. Logo sinala que o único procedemento aberto que se sacou nestes días obtivo un beneficio dun vinte e pico por cento, mentres que as restantes que se sacaron como menores non deixaron nin un euro de beneficio para a Deputación. Remata a súa intervención sinalando que non van conseguir amedrentalo e que continuará sacando aquelas cousas que considera que nesta Deputación se fan mal.

2ª intervención CIUDADANOS (Montserrat Lama): Comeza indicando que está sentindo vergoña e pena pola imaxe que se lle está dando neste pleno á veciñanza de Ourense, e que é o momento de dar exemplo e non o momento dos insultos. Pídelles aos deputados e deputadas que recapaciten sobre a actitude que están a amosar.

2ª intervención BNG (Bernardo Varela): Sinala que queda á espera do que lle diga o grupo propoñente sobre o punto cuarto da moción. Engade que esta crise nos pillou a todos os gobernos descolocados. Sobre a intervención do voceiro do grupo popular matiza que moitos dos servizos que presta a Deputación aos concellos non son gratis, senón que se repercute a totalidade ou parte do prezo do servizo. Sinala que sería doado que a Deputación lle expoña á veciñanza de Ourense quen prefire que xestione os ingresos, se a Deputación ou o respectivo concello.

2ª intervención DO (Miguel Caride): Sinala estar totalmente de acordo coa intervención da deputada de Cs, e indica que non poden ser actitudes coma a do deputado Ignacio Gómez que fala de diferentes cuestións pero non da moción que figura na orde do día, e que el mesmo desacreditou a moción que presenta, e que ata é unha falla de respecto para os restantes deputados e deputadas ese tipo de actitude. Remata pedíndolles a todos os corporativos que no sucesivo cingan as súas intervencións á orde do día.

2ª intervención PP (Pablo Pérez): Sobre a proposta de rebaixa da taxa de recollida do lixo nun 25 % indica que non se sabe quen a asumiría, lembrando que a Deputación xa asume o 12,33 % da taxa actual. A continuación recoméndalle ao grupo socialista que pida rebaixa de impostos que realmente inflúen nas economías familiares como o IVE ou o IRPF. Engade que dicir PSOE é dicir *derroche* e paro, para a continuación enumerar unha serie de reproches á actuación do Goberno central. Sinala que o goberno da Deputación suma e que non entende como o grupo socialista vai en contra da creación da comisión Ourense Futuro.

Quenda de peche PS DE G-PSOE (Ignacio Gómez): Remata indicando que veñen a este pleno con total lealdade e que leccións de saber estar non se lle poden dar ao seu grupo, e a continuación pon como exemplo os plenos do Concello de Ourense e a actitude do alcalde do

grupo de DO. Sinala como exemplo de confrontación a intervención de Pablo Pérez que só se dedicou a confrontar co Goberno Central.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

<http://depourense.seneca.tv/library/items/pleno-mayo-2020-05-29?part=d5b9913c-9d69-42a3-ba72-5dead82fc5be&start=12212>

Sometida a moción a votación resulta rexeitada cos votos en contra dos deputados e deputadas dos grupos de PP e DO, abstención de Cs e BNG e votos a favor do PSOE.

11º.-MOCIÓN DO BNG SOBRE UN PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE.-

1ª intervención BNG (Bernardo Varela): Comeza coa explicación da súa moción que formula un cambio no modelo de reparto dos fondos provinciais destinados á cooperación cos concellos, tanto en cantidade como en criterios. Sinala que a realidade socioeconómica da provincia e os efectos da pandemia do COVID-19 reclaman este cambio. Engade que nos derradeiros anos as outras tres deputacións galegas puxeron en marcha plans provinciais nesta liña destinados aos concellos, para a continuación facer unha comparación entre as cantidades que destinan a cooperación cos concellos as outras deputacións provinciais, particularmente a Deputación de Lugo. Engade que se fai preciso e urxente un cambio de modelo na Deputación de Ourense, polo que solicita ao pleno que se adopten os acordos consistentes en instar ao Estado para que permita empregar o remanente de tesourería para poñer eses fondos a disposición dos concellos da provincia menores de 20.000 habitantes, para logo a Deputación facer un reparto proporcional deses fondos entre os 91 concellos, un reparto lineal base do 30% do total, e o 70% restante consonte aos criterios obxectivos aprobados no seo da FEGAMP. Así mesmo propón que o orzamento do ano 2021 da Deputación estableza unha achega mínima dun 25 % para a cooperación cos concellos, que se repartirá consonte cos criterios da FEGAMP, e que se inste á Xunta de Galicia a que aumente a dotación do fondo de cooperación coas EELL.

1ª intervención CS (Montserrat Lama): Solicita que no futuro os grupos propoñentes das mocións centren o debate nelas e non noutras cousas, tal e como sucedeu no anterior punto da orde do día. Sobre a moción do BNG di non compartir a proposta de que o 100% se dedique aos concellos, pondo como exemplo as axudas a autónomos, e precisando que hai certas políticas que se deben facer desde a Deputación e non desde os concellos. Sinala que se permite votar a moción por puntos, votaría a favor os puntos primeiro e cuarto.

1ª intervención DO (Miguel Caride): Comeza a súa intervención sinalando que se amosa conforme co primeiro punto da moción, ao que non ten ningunha obxección. Sobre o segundo punto indica que nestes intres o remanente de tesourería debe ter un contido social para loitar contra as consecuencias da crise do COVID-19, e entende que estas axudas deben implementarse dende políticas de ámbito provincial. Respecto ao orzamento de 2021 é evidente que vai haber unha caída dos ingresos na participación en tributos, e considera moi aventurada esta proposta. Respecto ao punto 4º da moción non atopa ningún inconveniente.

1ª intervención PS DE G-PSOE (Rodríguez-Villarino): Sinala que está totalmente de acordo coa proposta, tal e como se fai nas outras tres deputacións galegas onde cogobernan os partidos de progreso. Indica que o grupo de goberno da Deputación de Ourense, PP e DO, xogan o papel de perpetuarse no poder cunha política clientelar, e que isto xa non pode ter unha saída democrática, senón unha saída legal. Engade que o 97 % dos ERTES da provincia xa foron resoltos, polo que indica que a intervención anterior do deputado Pablo Pérez estaba chea de inexactitudes. A continuación sinala que é de xustiza que o reparto dos fondos públicos se faga consonte a criterios obxectivos xa que os veciños e veciñas da provincia teñen os mesmos dereitos independentemente do concello no que vivan. Remata dicindo que non ten esperanza ningunha nesta Deputación, xa que o grupo de goberno só pensa en manterse e perpetuarse no poder, e está no seu ADN. Indica que á xente de Ourense menos mal que lle quedan as axudas do Goberno Central, rematando coa explicación do seu voto favorable a esta moción.

1ª intervención PP (Plácido Álvarez): Sinala que desde o minuto un desta pandemia este goberno amosou sobradamente que a prioridade é a saúde e benestar da veciñanza, e comezou a traballar xa na era postcovid. A Deputación axuda ás familias, ás pemes, aos autónomos e

aos concellos. Engade que o BNG non cree nas deputacións e cree que son simples repartidores de cargos, e na súa opinión non deben ser simples axencias de cartos, e a esencia das deputacións debe ser a cooperación e a prestación de servizos aos concellos. Sobre a moción do BNG sinala que e contradictorio que diga que vai existir unha gran redución de ingresos nos concellos, pero esquece que parecidos problemas vai ter a Deputación. Engade que non vai ser o intre de facer experimentos, e que non valorou ben o momento de presentación da moción. Sobre o uso do remanente de tesourería sinala que no estado actual non se poden tocar ese cartos. En canto ao fondo de cooperación da Xunta sinala que tamén a administración autonómica vai sufrir unha mingua nos seus ingresos. Por último invita ao deputado proponente a que lea a carta de servizos da Deputación para que comprobe a cantidade de servizos que esta está a prestar.

1ª intervención BNG (Bernardo Varela): Sobre a prestación de servizos desta Deputación matiza que na meirande parte deles se cobra por eles. A continuación indica que non entende como se poden opoñer á reclamación sobre o fondo de cooperación da Xunta, instándoos a que confíen na autonomía local, e se lles permita aos concellos elixir libremente en que gastar os seus recursos. Sobre o contido da moción indica que entende a posición do grupo do PP pero non a de DO, e que tampouco entende como o plan único lle vale ao PP das outras provincias pero non ao PP de Ourense. Por último refírese a DO para que amose dunha vez cal é a súa postura, xa que hai pouco tempo estaban nas antípodas da postura do PP neste asunto.

1ª intervención CS (Montserrat Lama): Indica que se absterá na votación desta moción xa que só comparte dous puntos da proposta de acordo.

1ª intervención DO (Miguel Caride): Sinala que a posición do seu voto neste asunto é de pleno convencemento, por un lado porque ese remanente non se pode empregar, por outro lado porque o destino deben ser políticas sociais, e cree que estes deben abordarse desde programas provinciais pola excepcionalidade da situación actual.

1ª intervención PS DE G-PSOE (Rodríguez-Villarino): Respecto a DO sinala que este ten o “voto cautivo” e que sería máis práctico para todos que PP e DO actúen cun voceiro único.

Sinala que quen se *ufanou* non hai moito da súa postura neste asunto, agora cambia radicalmente de postura. A continuación engade que para esta Deputación os concellos non son iguais, e dependen da cor política de cada un deles, nunha política totalmente clientelar. Como exemplo cita unha serie de contratos adxudicados durante o estado de alarma en diferentes concello gobernados polo PP.

1ª intervención PP (Plácido Álvarez): Puntualiza que está de acordo cos puntos 1 e 4, pero que este último dificilmente se poderá dar porque a conxuntura económica da Xunta de Galicia tamén vai ser peor que a actual. Sobre os contratos menores adxudicados sinala que todos eles contan cos informes favorables de secretaría e intervención (obras do plan provincial e de subvencións), e que se trata de continuar expedientes que estaban en trámite e que nada impedía continuar. Seguidamente sinala que ante esta inimaxinable situación esta Deputación adoptou medidas en tódolos ámbitos, e que o proponente da moción, sesgadamente, non indica os importes destinados a axudas a pemes, autónomos ou entidades sociais.

Quenda de peche BNG (Bernardo Varela): Indica que lle deixou de contestar porque na deputación de Lugo por exemplo o PP está encantado co reparto e non lle vale aquí. Sinala que o concello de Allariz e outros moitos terían un trato moito mellor se estivesen noutra provincia, e insta a DO novamente a que tome esta consideración aquí ou nun futuro, xa que seguirá con esta xusta reivindicación porque é a súa obriga.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

<http://depourense.seneca.tv/library/items/pleno-mayo-2020-05-29?part=d5b9913c-9d69-42a3-ba72-5dead82fc5be&start=14923>

Sometida esta moción á votación queda rexeitada cos votos en contra dos deputados e deputadas do PP e DO, a abstención de Cs e o voto favorable do PSOE e BNG.

12º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE MEDIDAS DE AXUDA DE CONTIDO SOCIAL PARA PALIAR OS EFECTOS SANITARIOS, ECONÓMICOS E SOCIAIS OCASIONADOS POLA PANDEMIA DO COVID 19.-

1ª intervención PS DE G-PSOE (Rodríguez-Villarino): Comeza a súa intervención sinalando que esta moción nos amosa a situación tan excepcional que estamos a vivir, e que no centro das actuacións deben estar as persoas. Sinala que esta moción se sitúa na liña de actuación con responsabilidade que está a ter o Goberno Central, e que todo está debidamente xustificado e cuantificado, e que ese debe ser o uso que se lle dea ao remanente de tesourería desta Deputación, medidas a favor das persoas sen fogar, axudas para conciliación, de emerxencia social extraordinaria, de voluntariado provincial, de desinfección vírica pública, servizos de rehabilitación e terapia ocupacional, apoio aos centros socio-sanitarios, loita contra a fenda educativa e profesional, duplicar a partida dedicada ao programa Comercio e tamén axudas contra o desemprego e para as pequenas empresas que pecharon a consecuencia da crise.

1ª intervención CIUDADANOS (Montserrat Lama): Insiste en que a moción que trouxo Cs é a máis importante porque todas estas medidas poden ser moi oportunas, pero sen poder utilizar o remanente de tesourería non se pode levar a cabo. Volve incidir na importancia de escoitar para saber en que se poden investir os cartos do remanente, para logo indicar que lle *chirría* a frase da exposición de motivos que di que “o Goberno do Estado está realizando unha tarefa formidable”, xa que non é o momento de botarse flores ante a cifra de falecidos que temos e pídelle un mínimo de autocrítica e que de ningún modo pode apoiar esa afirmación. Remata indicando que se vai abster na votación.

1ª intervención BNG (Bernardo Varela): Entende que a moción é ben intencionada pero moitas propostas amosan as carencias tanto do Goberno Central como da Xunta, xa que se pide tapar os buratos que son competencia doutras AAPP e competencia destas. Engade que hai que esixirlle á Xunta que abra os centros de día que son da súa responsabilidade, para afirmar que o presidente da Xunta fixo cousas mal nesta crise, porque non fixo nada. Así, pregunta porque a CA de Galicia non implementa axudas a autónomos ou pequenas empresas. Conclúe pedindo que o destino do remanente se acorde dende o consenso, e que na súa

opinión debería destinarse na súa maior parte ao plan único de concellos. Indica que se vai abster na votación desta moción.

1ª intervención DO (Miguel Caride): En primeiro lugar recrimina ao voceiro do grupo socialista por ter dito que escoitalo era unha lata, pedíndolle que como político se absteña nese tipo de afirmacións que poden ser irrespectuosas. Sobre a moción indica que esta pode ter algún erro de tipo matemático xa que parte do remanente xa se destinou no pleno pasado, e as contas non dan, e existen outro tipo de erros como políticas que non son competencias da Deputación ou que non terían encaixe no gasto social da área de gasto 32. Insta ao grupo poñente e sumar todo e ver como se pode materializar todo isto.

1ª intervención PP (Rosendo Fernández): Indica que o primeiro que lle chama atención é a afirmación de que o Goberno Central está facendo unha tarefa formidable, e que está a facer de altofalante do Goberno Central. Engade que as persoas e as institucións da provincia contan co apoio do goberno da Deputación, como leva demostrando desde que comezou o estado de alarma, sendo a deputación máis social e máis solidaria, co único obxectivo de axudar ás persoas. A continuación procede a relatar algúns dos programas de carácter social levados a cabo pola Deputación, como o Programa Comerciou, o Programa Chegou, axudas a autónomos, o convenio co colexio de economistas, o termalismo solidario e outros. Conclúe indicando que cando se fagan propostas para as persoas hai que facelas en tempo e forma, e non a estas alturas. Por último indica que os 11 MIR non foron despedidos, tal e como afirmou o voceiro socialista, acusándoo de mentir.

2ª intervención PS DE G-PSOE (Rodríguez-Villarino): Pídelle ao deputado do grupo popular que non o acuse de mentir sen probas. Igualmente lle lembra que esta proposta xa é a segunda que presenta o grupo socialista, pedíndolle que non manipule nin terxiverse a realidade. Volve lembrar a continuación o diñeiro que o Goberno do Estado lle mandou a esta provincia nos ERTES, a diferenza da anterior crise na que o Goberno do PP non mandaba nada. Pídelle que deixe de empregar a demagogia e de berrar e utilice argumentos, e non rexeite unha moción por ser simplemente do partido socialista.

2ª intervención CIUDADANOS (Montserrat Lama): Sinala que non quere seguir participando deste espectáculo porque eta política non a representa.

2ª intervención BNG (Bernardo Varela): Sinala que este non foi un pleno nada construtivo e que agarda que en vindeiros plenos se recupere a cordialidade.

2ª intervención DO (Miguel Caride): Aproveita a súa intervención para ler un artigo publicado no xornal El País de hoxe, que relata a crispación da sociedade actual, para a continuación comparalo coa crispación vivida no pleno de hoxe.

2ª intervención PP (Rosendo Fernández): Repite que o deputado socialista empregou a súa primeira intervención neste pleno para mentir, xa que os 11 médicos MIR de Ourense non foron despedidos. Sobre a achega do Estado a Galicia lembra os cartos confiscados do plan de vivenda e de políticas de emprego e que lle debe aos galegos cartos do IVE, polo que non entende que se diga que é un goberno formidable. Conclúe dicindo que o deputado Rodríguez-Villarino quedou retratado coa súa mentira. Por último procede a facilitar os datos de entrega de mascarás entregadas no concello de Allariz

Quenda de peche PS DE G-PSOE (Rodríguez-Villarino): Sinala que non está disposto a aguantar tantos insultos e que aquí está polo ben de todos e pola legalidade. Así pregunta que permiso tivo do Goberno central para autorizar o uso do pavillón Paco Paz como mostra do proceder desta Deputación. Sinala que o grupo do PP vai votar en contra de propostas que sen dúbida beneficiarían a toda a veciñanza e que as novidades posibles nesta Deputación serán as legais.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

<http://depourense.seneca.tv/library/items/pleno-mayo-2020-05-29?part=d5b9913c-9d69-42a3-ba72-5dead82fc5be&start=17824>

Sometida a votación, a moción resulta rexeitada cos votos en contra dos deputados e deputadas do grupo do PP, DO e Cs, a abstención do BNG, e os votos favorables do PS de G-PSOE.

13º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

14º .- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA: DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de abril de 2020.

Os membros da Corporación quedan informados.

15º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Rodríguez-Villarino do PS de G-PSOE: Indica que no BOP de data 05.11.2019 publicouse a convocatoria do POS, para preguntar cales dos concellos teñen adxudicada a dirección de obra.

A Presidencia procede a dar lectura ai informe do xefe do servizo de investimentos e Patrimonio, no que se indican os concellos que non a teñen adxudicada (Allariz, Barco de Vadeorras, Paderne de Allariz, Calvos de Randín, Cualedro, Monterrei, Coles, Viana do Bolo e Vilamartín de Valdeorras).

- Rodríguez-Villarino do PS de G-PSOE: Pregunta con respecto á Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de funcionarios interinos e persoal laboral temporal, cantas persoas se presentaron voluntarias para os tribunais de selección.

O presidente procede a dar lectura ao informe do xefe de servizo de RRHH, que conclúe que son 53 empregados públicos da Subdelegación do Goberno e 49 da Delegación territorial da Xunta de Galicia.

- Rodríguez-Villarino do PS de G-PSOE: Pregunta sobre o Convenio asinado entre a Deputación, o Concello de Viana e ENDESA para a estrada de San Agostiño, e cal é o estado de tramitación.

A Presidencia procede a dar lectura ao informe da Directora da Área de Infraestruturas no que se conclúe que dende a área de infraestruturas estase a traballar na redacción do proxecto.

- Rodríguez-Villarino do PS de G-PSOE: Pregunta sobre a subvención nominativa ao concello da Rúa para obras de acceso ao centro de saúde , pregunta sobre se existe algún procedemento contencioso sobre esa parcela, cales son as súas características e se se trata dunha axuda a fondo perdido.

O presidente indica que a sección de subvencións informou que unha vez que entre en vigor na data 26 de maio a modificación orzamentaria que prevé a dita subvención, iniciaranse os trámites para a súa concesión. Engade que se solicitou informe tamén ao concello da Rúa no que se indica que a parcela está incluída no PXOM como solo urbano non consolidado con ordenación detallada, e que non consta a existencia de ningún contencioso sobre esa parcela nin de ningunha carga sobre ela. Finalmente a Presidencia da lectura á regulación das subvencións nominativas prevista na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

- Rodríguez-Villarino do PS de G-PSOE: Pregunta sobre as convocatorias de axudas a autónomos desta Deputación, pregunta cantas axudas e de que concellos se recibiron no rexistro na data 12 de maio.

A Presidencia contesta que nesa data se recibiron 683 axudas, pasando a continuación a informar sobre o desenvolvemento actual da convocatoria.

- Bernardo Varela do BNG: pregunta que parte dos 450.000 euros destinados a material sanitario foi xa executado e que parte foi destinada ao concello de Allariz que nesta data só tiña recibidas 400 máscaras, cando a información facilitada di que se entregaron 62.000 á Xunta.

A Presidencia indica que se pedirá un informe sobre esta cuestión para dar cumprida resposta.

- Ignacio Gómez do PS de G-PSOE: pregunta cando se vai arranxar a estrada Leiro-Berán-Caldelas.

A Presidencia indica que se responderá por escrito.

O contido íntegro deste punto recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

<http://depourense.seneca.tv/library/items/pleno-mayo-2020-05-29?part=d5b9913c-9d69-42a3-ba72-5dead82fc5be&start=20286>

E, ás 16.00 horas do citado día 29 de maio de 2020, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

